

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/41/2020	GOB14I0KY
1A2Z4T0I0V5E5M0R17QW	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a M^aDEL PILAR CANZOBRE MENDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 horas do vinteseis de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e en virtude do acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2020 relativo á posibilidade de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello, celébrase coa asistencia efectiva da Sra. alcaldesa e dos Sres. Romero Franco e Pita Breijo e de xeito non presencial, por videoconferencia, coa dos/das demais concelleiros/as, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2020.-

“ASUNTO: Solicitud de subvención a Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2020

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Consellería de Emprego e Igualdade publica no DOG nº 219 do 30 de outubro de 2020, a orde do 15 de outubro de 2020, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais, para contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ano 2020, (código de procedemento TR351B).

Co obxecto de solicitar a subvención referenciada, e seguindo as bases da convocatoria, o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora a Memoria-Prorroga contratación AEDL 2020-2021

Nos seguintes cadros se recollen os gastos e financiación previstos, tendo en conta o artigo 4.a) polo cal o porcentaxe máximo de cofinanciación é do 35%:

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	46.526,04€
Importe da subvención Solicitada	16.284,11€
Importe da achega municipal	30.241,93€

ACHEGA MUNICIPAL (30.241,93€) período de prórroga do contrato de 10-12-2020 ata 9-12-2021.(65%)

APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2020	ANO 2021	TOTAL
2410	1.170,35€	21.818,55€	22.988,90€
2410/16000	423,09€	6.829,94€	7.253,03€
	1.593,44€	28.648,49	30.241,93€

ACHEGA AUTONÓMICA(16.284,11€) período de prórroga do contrato de 10-12-2020 ata 9-12-2021.(35%)

APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2020	ANO 2021	TOTAL
2410	630,28€	11.748,42€	12.378,70€
2410/16000	227,82€	3.677,59€	3.905,41€
	858,10€	15.426,01€	16.284,11€

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Orde de do 15 de outubro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, publicada no DOG nº 219 de 30 de outubro de 2020
- Orzamento en vigor do concello de Narón.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA A CONCELLERÍA DELEGADA EN MATERIA DE FORMACIÓN PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención a Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG nº 219 do 30 de outubro de 2020, mediante a orde do 15 de outubro de 2020, por un importe de 16.284,11€ para prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local para os anos 2020-2021.

2º.- Existe consignación orzamentaria para a achega do Concello correspondente ao exercicio 2020, con cargo as aplicacións orzamentarias 2410 e 2410/16000.

A achega do concello para o exercicio 2021, financiarase condicionada a existencia de crédito con cargo as aplicacións orzamentarias 2410 e 2410/16000

3º.- Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Emprego e Igualdade no referente a esta solicitude de subvención."

E unha vez fiscalizado, coa toma de razón, o informe transcrito pola Intervención municipal con data 20/11/2020(ICO14OHC), quen subscribe, Concelleira de Formación (delegada por



Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4